

Quen puidera namorala

Letra: Álvaro Cunqueiro / Música: Luís Emilio Batallán / Versión: Xael López

No niño _____ do _____
_____ unha _____ dourada. (bis)

Quen puidera namorala

quen puidera namorala, meu amigo. (bis)

Ten aires de frol recente

e cousas de _____ casada. (bis)

Quen puidera namorala

quen puidera namorala, meu amigo (bis)

Canta ó luar e ó mencer

en frauta de _____. (bis)

Quen puidera namorala

quen puidera namorala, meu amigo.(bis)

_____ ten sombra de sombra

e andar primeiro de _____. (bis)

Quen puidera namorala

quen puidera namorala, meu amigo. (bis)

Alvaro Cunqueiro (nado en Mondoñedo o 22 de decembro de 1911 e finado en Vigo o 28 de febreiro de 1981) foi un novelista, poeta, dramaturgo, xornalista e gastrónomo galego. Esta considerado como un dos grandes autores da literatura galega e de toda a literatura española do século XX. Foi director do xornal Faro de Vigo e ingresou na Real Academia Galega en 1963.



Un dos seus libros mais coñecidos é *Se o vello Sinbad volveuse as illas...* Trátase dunha obra narrativa en galego publicada pola editorial Galaxia en 1961. O personaxe principal está tomado do relato “Simbad, o mariñeiro” do libro *As mil e unha noites*¹.

Sinbad é alto, apeitado, e ten andar de muita gravedad, aínda que teña a perna dereita un chisco máis curta que a esquerda; ten barba branca moi mesta e sin partir, e cáse tódolos xoves coa navalla de pulso faille un arredondo, e pra que se volva na punta pon polas noites brizadoras de pausanto. Gasta sempre turbante de dril tirando a marrón, i é mui encellado, e por debaixo da silva pilosa amosa a i-alma pólos grandes ollos mouros. Digo que amosa a i-alma póla inocencia i entusiasmo do seu ollar, porque os ollos seus non calan nada, nin bulras nin veras, e adiantándose, cando Sinbad fala, ás verbas súas, alertando, sorrindo, atristando. Ás veces poidéranse ver países en festa nos ollos seus.

¹ *As mil e unha noites* é unha obra de referencia da literatura oriental. Está constituída por unha serie de cotos narrados pola princesa Sherezade. Trátase de historias de aventuras fantásticas de distintos orixes (hindú, persoa, exipcio...), como por exemplo “Aladino e a lámpada marabillosa”, Alí Babá e os corenta ladróns” ou “Simbad o mariñeiro”.